</tr>
<tr>
<td colspan="2">A escoller dúas en función da oferta do centro:<br>▪ Bioloxía e Xeoloxía<br>▪ Física e Química<br>▪ Economía<br>▪ Latín<br>▪ Tecnoloxía<br>▪ Iniciativa á actividade emprendedora e empresarial<br>▪ Ciencias aplicadas á actividade profesional<br>▪ Cultura Científica<br>▪ Cultura Clásica<br>▪ Educación Plástica Visual e Audiovisual<br>▪ 2ª Lingua estranxeira: Francés<br>▪ Música<br>▪ Tecnoloxía da Información e Comunicación</td>
</tr>
</table>

BACHARELATO

No centro ofértanse dúas modalidades de Bacharelato:

1. Ciencias
2. Humanidades e Ciencias Sociais; dentro de esta modalidade o alumnado poderá optar polo itinerario de Humanidades ou polo itinerario de Ciencias Sociais.

**1º CURSO**

**Modalidade de Ciencias**

Materias troncais:

- Filosofía
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Primeira lingua estranxeira - inglés
- Matemáticas I
- Educación Física

Materias troncais de opción a elixir dúas de entre:

- Bioloxía e Xeoloxía
- Debuxo Técnico I
- Física e química

**Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**

Materias troncais:

- Filosofía
- Lingua Castelá e Literatura
- Lingua Galega e Literatura
- Primeira lingua estranxeira inglés
- Latín I para o itinerario de Humanidades
- Matemáticas Aplicadas I para o itinerario de Ciencias Sociais
- Educación Física

Materias troncais de opción, elixir dúas entre:

- Economía
- Grego I
- Historia do Mundo Contemporáneo
- Literatura Universal

Materias específicas de opción: son comúns a todas as modalidades de bacharelato; o alumnado deberá cursar una materia das seguintes:

- Anatomía Aplicada
- Cultura Científica
- Antropoloxía
- 2ª lingua extranxeira –Francés I
- Literatura Galega do SXX e a Actualidade
- Tecnoloxía da Información e Comunicación I
- Materia troncal da opción correspondente

Todos alumnos e alumnas deben cursar unha das seguintes materias

- Relixión ou Reforzo de Inglés ou Reforzo de Lingua Castelá

**2º CURSO:**

Organización do segundo curso de bacharelato.

**Modalidade de Ciencias**

Na modalidade de Ciencias, os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes materias xerais do bloque de disciplinas troncais:

- Historia de España.
- Lingua Castelá e Literatura II.
- Lingua galega
- Matemáticas II.
- Primeira Lingua Estranxeira II.

Polo menos dúas materias máis de entre as seguintes materias de opción do bloque de disciplinas troncais:

- Bioloxía.
- Debuxo Técnico II.
- Física.
- Xeoloxía.
- Química.

**Modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais**

Na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais, os alumnos e alumnas deben cursar as seguintes materias xerais do bloque de disciplinas troncais:

- Historia de España.
- Lingua Castelá e Literatura II.
- Lingua Galega
- Primeira Lingua Estranxeira II.

Para o itinerario de Humanidades, Latín II.

Para o itinerario de Ciencias Sociais, Matemáticas Aplicadas ás Ciencias Sociais II.

Polo menos dúas materias de entre as seguintes materias de opción do bloque de disciplinas troncais, organizadas, se for o caso, en bloques que faciliten o tránsito á educación superior:

- Economía da Empresa.
- Xeografía.
- Grego II.
- Historia da Arte.
- Historia da Filosofía.

Materias específicas de opción: son comúns a todas as modalidades de bacharelato; o alumnado deberá neste bloque elixir das seguintes materias, un mínimo de dúas ata completar 8 horas:

- Materias de 3 horas semanais
  - Tecnoloxía Industrial II
  - Ciencias da Terra e do Medioambiente
  - 2ª Lingua estranxeira Francés ou Portugués
  - Tecnoloxías da Información e da Comunicación II
  - Imaxe e Son
  - Analise Musical II
  - Debuxo Artístico II
  - Historia da Música e da Danza
  - Psicoloxía
  - Fundamentos de Administración e Xestión
  - Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica
- Materias de 2 horas semanais
  - Electrotecnia
  - Educación Física
  - Xeografía e Historia de Galicia *
  - Patrimonio Cultural de Galicia
  - Filosofía do dereito
- Materias de1 hora semanal
  - Relixión
  - Profundización da 1ª Lingua Estranxeira, Inglés *
  - Roma a través do cine*.
  - Oratoria*
- Materias de 4 horas semanais
  - Unha materia troncal de opción non elixida.

As materias sinaladas con * son de libre configuración do centro

## CICLO MEDIO DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA

Consta de dous cursos de duración (2000 horas), o último trimestre do segundo ano o alumnado realiza a súa formación en empresas (FCT).

O centro ten dúas aulas específicas dotadas co material axeitado para a impartición destas ensinanzas.

A competencia xeral deste título consiste en realizar actividades de apoio administrativo no ámbito local, contable, comercial, financeiro e fiscal. Atención á clientela ou ás persoas usuarias, en empresas públicas ou privadas.

As materias cursadas en cada un dos cursos son:

| CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS | | CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | Técnica contable | 133 | 5h | | 2º | Comunicacíon empresarial e atención á clientela | 123 | 7h |
| 1º | Formación e orientación laboral | 107 | 4h | | 2º | Empresa e administracion | 123 | 7h |
| 1º | Inglés | 160 | 6h | | 2º | Empresa na aula | 156 | 9h |
| 1º | Operacións auxiliares de xestión de tesourería | 160 | 6h | | 2º | Operacións administrativas de recursos humanos | 123 | 7h |
| 1º | Operacións administrativas de compravenda | 133 | 5h | | 2º | Tratamento da información contable | 105 | 6h |
| 1º | Tratamento informático da informacón | 267 | 10h | | 2º | Formación en centros de traballo | 410 | 52días |

Este curso só se oferta 2º CMXA.

## CICLO ATENCIÓN A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA

Consta de dous cursos de duración (2000 horas), o último trimestre do segundo ano o alumnado realiza a súa formación en empresas (FCT).

O centro ten tres aulas específicas dotadas co material axeitado para a impartición destas ensinanzas. Neste curso implántase 1º APD

A competencia xeral deste título consiste en coidar a persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios, coidador/ora en centros de atención psiquiátrica,

| CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS | | CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | Apoio domiciliario | 240 | 9 | | 2º | Apoio á comunicación | 87 | 5 |
| 1º | Atención e apoio psicosocial | 240 | 9 | | 2º | Atención hixiénica | 87 | 5 |
| 1º | Atención sanitaria | 213 | 8 | | 2º | Destrezas sociais | 123 | 7 |
| 1º | Características e necesidades das persoas en situación de dependencia | 160 | 6 | | 2º | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 | 3 |
| 1º | Formación e orientación laboral | 107 | 4 | | 2º | Organización da atención ás persoas en situación de dependencia | 123 | 7 |
| | | | | | 2º | Primeiros auxilios | 53 | 3 |
| | | | | | 2º | Teleasistencia | 104 | 6 |
| | | | | | 2º | Empresa e iniciativa emprendedora | 410 | 52días |

## CICLO MEDIO DE ELECTROMECÁNICA DE VEHÍCULOS

Consta de dous cursos de duración (2000 horas), o último trimestre do segundo ano o alumnado realiza a súa formación en empresas (FCT).

O centro ten dúas aulas específicas e unha aula de taller, dotadas co material axeitado para a impartición destas ensinanzas e de talleres específicos para a realización das actividades prácticas do ciclo.

A competencia xeral deste título consiste en realizar operacións de mantemento, montaxe de accesorios e transformacións nas áreas de mecánica, hidráulica, pneumática e electricidade do sector da automoción.

As materias cursadas en cada un dos cursos son :

| CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS | | CURSO | MÓDULO | HORAS | HORAS SEMANAIS |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1º | Circuitos de fluidos, suspensión e dirección | 213 | 8h | | 2º | Cicuitos eléctricos auxiliares do vehículo | 175 | 10h |
| 1º | Formación e orientación laboral | 107 | 4h | | 2º | Empresa e iniciativa emprendedoras | 53 | 3h |
| 1º | Mecanizado básico | 107 | 4h | | 2º | Sistemas auxilares do motor | 245 | 14h |
| 1º | Motores | 133 | 5h | | 2º | Sistemas de seguridade e confortabilidade | 157 | 9h |
| 1º | Sistemas de carga e arranque | 213 | 8h | | 2º | Formación en centros de traballo | 410 | 52días |
| 1º | Sistemas de transmisión e freada | 187 | 7h | | | | | |

**<u>CICLO SUPERIOR DUAL DE AUTOMOCIÓN</u>**

Consta de dous cursos. As horas semanais repártense entre a docencia no centro e nas empresas.

As materias cursadas en cada un dos cursos son :

| CURSO | MÓDULO | HORAS DO MÓDULO | HORAS SEMANAIS TOTAIS | HORAS SEMANAIS DOCENCIA CENTRO | HORAS SEMANAIS DOCENCIA TALLER |
|---|---|---|---|---|---|
| 1º | Motores térmicos e os seus sistemas auxiliares | 267 | 10 | 3 | 7 |
| 1º | Sistemas eléctricos e de seguridade e confortabilidade | 240 | 9 | 3 | 6 |
| 1º | Xestión e loxística do mantemento de vehículos | 133 | 6 | 1 | 5 |
| 1º | Elementos amovibles e fixos non estruturais | 213 | 8 | 3 | 5 |
| 1º | Formación e orientación laboral | 107 | 4 | 2 | 2 |

| CURSO | MÓDULO | HORAS DO MÓDULO | HORAS SEMANAIS TOTAIS | HORAS SEMANAIS DOCENCIA CENTRO | HORAS SEMANAIS DOCENCIA TALLER |
|---|---|---|---|---|---|
| 2º | Empresa e iniciativa emprendedora | 53 | 3 | 1 | 2 |
| 2º | Estructura do vehículo | 123 | 7 | 2 | 5 |
| 2º | Formación en centros de traballo | 384 | | | 384 |
| 2º | Sistemas de transmisión de forza e trens de rodaxe | 209 | 12 | 4 | 8 |
| 2º | Técnocas de comunicación s de relacións | 53 | 3 | 1 | 2 |
| 2º | Tratamento e recubrimento de superficies | 192 | 11 | 3 | 8 |
| 2º | Proxecto en automoción | 26 | A realizar polo alumnado para poder titular. | | |

**FORMACIÓN PROFESIONAL BÁSICA:**

Dende que se implantou a FP Básica ao centro foille concedido dous programas de formación profesional básica por impartir no centro os ciclo das familias profesionais respectivas. Os dous ofértanse na matrícula pero actualmente so se imparte os módulos do título en mantemento de vehículos, os módulos en servizos administrativos non se imparten por falta de alumnado matriculado.

A oferta educativa destas ensinanzas son:

TÍTULO PROFESIONAL BÁSICO EN MANTEMENTO DE VEHÍCULOS.

A competencia xeral deste título consiste en realizar operacións básicas de mantemento electromecánico e carrozaría de vehículos.

As ocupacións e postos de traballo máis salientables son axudante na área de carrozaría, auxiliar de almacén de recambios, axudante na área de electromecánica, operario/a de taller de mecánica rápida e operario/a en empresas de substitucións de cristais.

O título profesional básico en Mantemento de Vehículos terá preferencia para a admisión a todos os títulos de grao medio das familias profesionais de:

Electricidade e Electrónica, Informática e Comunicacións, Fabricación Mecánica, Instalación e Mantemento, Enerxía e Auga, Industrias Extractivas, Marítimo-pesqueira, Química, Transporte e Mantemento de Vehículos, Madeira Moble e Cortiza, Edificación e Obra Civil

Distribución horaria dos módulos:

| CURSO | MÓDULO | DURACIÓN/HORAS |
|---|---|---|
| 1º | Ciencias aplicadas I | 175 |
| | Comunicación e sociedade I | 206 |
| | Mecanizado e soldadura | 175 |
| | Amovibles | 208 |
| | Preparación de superficies | 146 |
| TOTAL 1º (FCE) | | 910 |
| 2º | Comunicación e sociedade II | 135 |
| | Ciencias aplicadas II | 162 |
| | Electricidade do vehículo | 165 |
| | Mecánica do vehículo | 246 |
| TOTAL 2º (FCE) | | 708 |
| 2º | Formación en centros de traballo | 320 |

TÍTULO PROFESIONAL BÁSICO EN SERVIZOS ADMINISTRATIVOS..

A competencia xeral deste título consiste en realizar tarefas administrativas e de xestión básicas, con autonomía, responsabilidade e iniciativa persoal.

As ocupacións e postos de traballo máis salientables son auxiliar de oficina, de arquivo, de servizos xerais, de información, de dixitalización, de venda, de dependente de comercio, ordenanza, telefonista en servizos centrais de información, clasificador/ora e/ou repartidor/ora de correspondencia, gravador/ora-verificador/ora de datos, operador/ora documental, operador/ora de cobramento ou caixeiro/a.

O título profesional básico en Servizos Administrativos terá preferencia para a admisión a todos os títulos de grao medio das familias profesionais de:

Administración e Xestión, Comercio e Márketing, Téxtil Confección e Pel, Vidro e Cerámica, Artes Gráficas.

| CURSO | MÓDULO | DURACIÓN/HORAS |
|---|---|---|
| 1º | Tratamento informático de datos | 204 |
| | Técnicas administrativas básicas | 179 |
| | Arquivo e comunicación | 146 |
| | Ciencias aplicadas I | 175 |
| | Comunicación e sociedade I | 206 |
| TOTAL 1º (FCE) | | 910 |

Este curso non se imparte.

| | | |
|---|---|---|
| 2º | Aplicacións básicas de ofimática | 240 |
| | Atención á clientela | 58 |
| | Preparación de pedidos e venda de produtos | 113 |
| | Ciencias aplicadas II | 162 |
| | Comunicación e sociedade II | 135 |
| TOTAL 2º (FCE) | | 708 |
| 2º | Formación en centros de traballo | 320 |

É unha oferta única na zona, acollemos a alumnado de distintos concellos limítrofes.

**<u>ENSINANZA SECUNDARIA PARA ADULTOS</u>**

Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico. No IES Eduardo Pondalofertamos a modalidade presencial.

Accedese a cada un dos módulos segundo se teñan aprobados cursos e materias da ESO.

Por exemplo, alguén que teña aprobadas todas as materias de 2º da ESO e non teña 3º, comezaría no módulo III. (cada módulo equivale ao curso da ESO correspondente)

| 1º ANO | | 2º ANO | |
|---|---|---|---|
| MÓDULO I<br>1º CUATRIMESTRE (SETEMBRO-FEBREIRO) | MÓDULO II<br>2º CUATRIMESTRE (FEBREIRO-XUÑO) | MÓDULO III<br>1º CUATRIMESTRE (SETEMBRO-FEBREIRO) | MÓDULO IV<br>2º CUATRIMESTRE (FEBREIRO-XUÑO) |
| ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO I | ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO II | ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO III | ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO IV |
| ÁMBITO DA COMUNICACIÓN I | ÁMBITO DA COMUNICACIÓN II | ÁMBITO DA COMUNICACIÓN III | ÁMBITO DA COMUNICACIÓN IV |
| ÁMBITO SOCIAL I | ÁMBITO SOCIAL II | ÁMBITO SOCIAL III | ÁMBITO SOCIAL IV |

Neste curso non  se imparte por falta de matrícula.

### 3.5. O ALUMNADO

O número de alumnos matriculados é de 340, distribuídos da seguinte forma:

| ETAPA | CURSO | NÚM ALUM. GRUPO | NÚM ALUM. CURSO |
|---|---|---|---|
| ESO | 1º ESO A | 17 | |
| | 1º ESO B | 19 | 36 |
| | 2º ESO A | 15 | |
| | 2º ESO B | 13 | |
| | 2º ESO B - PMAR | 5 | 33 |
| | 3º ESO A | 23 | |
| | 3º ESO B | 22 | 45 |
| | 4º ESO A | 13 | |
| | 4º ESO B | 27 | 40 |
| | **TOTAL** | | **153** |
| BACHARELATO | 1º BAC A | 25 | |
| | 1º BAC B | 21 | 46 |
| | 2º BAC A | 21 | |
| | 2º BAC B | 24 | 45 |
| | **TOTAL** | | **88** |
| CICLOS FORMATIVOS | 2º CMXA | 7 | 7 |
| | 1º CMEV | 24 | |
| | 2º CMEV | 13 | 37 |
| | 1º ZSTMV | 17 | |
| | 1º ZSTMV | 11 | 28 |
| | FPB 1AUTO | 6 | |
| | FPB 2 AUTO | 6 | 12 |
| | 1º CMAPSD | 13 | 13 |
| | **TOTAL** | | **96** |
| | **TOTAL** | **341** | |

# 4. Obxectivos xerais

## 4.1. ANALIZAR AS ÁREAS DE MELLORA BASEÁNDOSE NUNHA ANÁLISE PREVIA

Ata agora simplemente fixemos un estudo das características do centro, entorno, recursos, clima escolar, rendemento... É o momento de concretar cales serían as áreas de mellora tras esa análise previa a través da formulación de obxectivos máis específicos que nos permitan deseñar actuacións concretas para solucionar problemas concretos.

Cada centro debe identificar as súas fortalezas e debilidades e desenvolver novas estratexias que posibiliten a implantación do seu proxecto e visión de escola, deseñando a forma de organizarse en función da aprendizaxe e non dos requisitos da lexislación xeral.

As principais debilidades e ameazas para poder desenvolver un proceso de cambio serían: excesiva dependencia da voluntariedade do profesorado para levar a cabo proxectos, falta de tempo no horario escolar, continuos cambios na normativa, non hai tradición de traballo por proxectos no centro.

As fortalezas e oportunidades serían: a existencia de moitas experiencias nas que basearnos, a posibilidade de promover o desenvolvemento persoal do alumnado, as apostas educativas da administración educativa, ver os proxectos como un incentivo para mellorar a calidade educativa e que poden xerar cambios reais na xestión diaria do centro.

A modo xeral podemos dicir que os principais frontes de actuación serían fomentar o colaboracionismo do profesorado, revisión das programacións para adaptalas ás características do alumnado e do entorno incidindo na mellora da autonomía e da organización do traballo, achegar ás familias ao centro pois a implicación das familias na educación é un factor decisivo para o éxito escolar do alumno, e abrir o centro ao exterior.

## 4.2. CONCRECIÓN DE OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

### *4.2.1. <u>Fomentar o colaboracionismo entre o profesorado</u>*

> *"Unha organización intelixente é aquela na que un grupo de persoas que tal vez non sexan extraordinarias, polo feito de colaborar dun xeito determinado pode producir resultados extraordinarios".*

José Antonio Marina di que un profesor illado pode iniciar un cambio na súa aula, e en ocasións terá que facelo en soidade se o entorno non lle permite facelo doutro xeito. Pero debe ter en conta que o axente educativo principal é o centro educativo enteiro, e que unha das competencias dos docentes é a de colaborar para facer da escola unha organización intelixente. Un dos atractivos

tradicionais da profesión docente é a posibilidade de autonomía. Pero iso está prexudicando non só a aprendizaxe mutua, senón a propia eficacia das escolas . Profesores, titores, equipos de orientación...temos que aproveitar todos os recursos.

O equipo directivo debe liderar a construción desa visión compartida. Transmitir que a eficacia dun grupo non reside na competencia de cada un dos seus membros, senón que xurde da interacción.

O equipo directivo ao igual cun goberno é a intelixencia executiva que debe mobilizar enerxías, fixar metas, animar, promover, incitar, corrixir, seleccionar as ideas, proxectos, ocorrencias e innovacións. É dicir, espertar a paixón por aprender.

### 4.2.2. *Adaptar os programas e metodoloxías ás necesidades e características socioculturais e educativas do momento, do entorno e do centro*

1.1.Revisar e adaptar o currículo: Temos que axustar os programas e itinerarios escolares para que ninguén quede fora. Todo rapaz ten dereito ao éxito educativo, e temos procedementos pedagóxicos para conseguilo. Apoiar os programas de mellora do aprendizaxe e rendemento (PMAR), adaptando os programas ao desenvolvemento madurativo do alumnado. O departamento de Orientación terá que tomar especial protagonismo neste aspecto.

Aspectos como a creatividade, empatía, pensamento lóxico, colaboración e aprendizaxe por proxectos, terán que tomar relevancia nas programacións.

Na redacción das programacións debemos demostrar o noso interese por todo o que acontece ao noso redor, que é o mundo onde vivimos e onde viven os nosos alumnos. A celeridade dos cambios científicos, tecnolóxicos e sociais, as inevitábeis innovacións que van a provocar os descubrimentos das neurociencias e os avances nas tecnoloxías da información, recomendan que a escola, dende as súas competencias e experiencias, xere un campo de investigacións para asesorar a todos os implicados nas decisións e prácticas educativas.

A función máis importante do profesor é a de facilitar a aprendizaxe, e sobre todo aumentar a capacidade de aprender do alumnado, sen a cal, fracasarán irremediablemente.

Pero non só o profesorado debe mellorar, é o centro educativo o que debe transformarse, mobilizando a todo o persoal na toma de decisións, e promovendo unha cultura de apoio e confianza, establecendo unha estrutura escolar que promova a toma de decisións, buscando o consenso sobre as prioridades, creando unhas altas expectativas de resultados para alumnado e profesorado e promovendo a estimulación intelectual.

1.2.Revisar e adaptar as metodoloxías. Os estilos de ensinanza-aprendizaxe empregados intentarán en todo momento relacionar a teoría coa práctica, polo que o uso das novas tecnoloxías colle especial protagonismo, e valores como o esforzo e a disciplina acompañarán ao alumnado ao longo do proceso. Á fórmula I+D+I , habería que engadirlle a A de aprendizaxe: I - aprender a investigar, D - aprender a xestionar o desenvolvemento, I -aprender a innovar.

Contemplar a posibilidade de que haxa que potenciar a formación do profesorado en técnicas didácticas que quizás non domine: ensinanza por proxectos, aprendizaxe cooperativo, estratexias de pensamento, uso das TICs....

Non hai que esquecer que a educación é unha formación integral, non quedando só como unha mera transmisión de coñecementos, resulta necesario constatar unha serie de valores e fundamentos que deben acompañar ao alumnado na súa formación.

1.3.Revisar e adaptar a avaliación. Non se trata de limitarse a medir os resultados, senón de acompañar o progreso do alumnado, que permita un seguimento máis personalizado do proceso. Debemos utilizar os resultados para modificar a acción docente, sacar conclusións, establecer estratexias e actuar en consecuencia.

Coa información obtida en cada xunta de avaliación, o equipo directivo e o departamento de orientación reuniranse para facer unha especie de posta en común. Desa reunión sairá unha proposta de medidas de mellora, tanto individuais como do grupo, que serán levadas a Comisión Pedagóxica para que cada departamento faga os pertinentes cambios na programación, e que cada profesor os aplique posteriormente na aula.

### *4.2.3 Implicar ás familias no proceso de aprendizaxe dos seus fillos*

*"Se os educadores ven aos nenos simplemente como estudantes, verán aos pais separados da escola. Todos esperarán que a familia faga o seu traballo e deixe a educación en mans da escola. Se os educadores ven aos alumnos como nenos, entón verán á familia e a comunidade como colaboradores na súa educación e desenvolvemento."*

*Joyce Epstein*

Certamente os cambios sociolóxicos, a aparición de novos tipos de familia, o aumento das familias monoparentais, a dificultade de facer compatible a vida laboral e familiar agravan a complexidade do asunto.

Sen a implicación familiar, calquera intervención será probablemente un fracaso, e os poucos efectos que se conseguen desaparecerán probablemente unha vez que a intervención termine.

Gran parte dos hábitos que compoñen o carácter adquírense na convivencia familiar, e parécenos importante informar aos pais e nais do momento e a maneira de axudar ao neno para que os adquira. Pero as veces damos ás familias recomendacións vagas e moi xenéricas que elas non saben como aplicar como <<hai que motivalos para aprender>>, <<hai que ensinalos a aprazar a recompensa>>, que non fan máis que aumentar a súa angustia por verse sometidos a un deber que non saben como cumprir.

Cando un neno entra en idade escolar, os intereses educativos das familias parecen concentrarse exclusivamente nos resultados académicos. Se os nenos son bos estudantes, están moi tranquilos. Pero os resultados académicos non son máis cunha parte da evolución dos rapaces. Nin os bos resultados aseguran unha boa educación, nin os malos o contrario. Hai, por exemplo, nenos dóciles que estudan unicamente por obediencia e que non están a desenvolver a súa autonomía persoal. E hai nenos brillantes, inventivos, que se acomodan mal á disciplina escolar.

Como vemos, a implicación das familias é imprescindible, e esta implicación debemos intentala dende catro frontes: proporcionándolles información sobre como poden axudar aos seus fillos nos estudos, atraéndoos á escola con charlas de verdadeiro interese para a educación dos seus fillos, a través da escola de pais e das ANPAS.

1.4.Vostede pode axudar ao seu fill@ nos estudos. O departamento de orientación ten redactado un modelo que se distribuirá entre as familias, unha guía sobre como poden os pais axudar aos seu fillos nos estudos. Serían consellos curtos, directos e fáciles de entender, como procurar que descanse o tempo necesario, axudar a organizarse e planificar o tempo de estudo, revisión da axenda, eloxiar os logros....

1.5.Charlas para familias. Cada comezo de curso  o equipo directivo ofrecerá ás familias a posibilidade de asistir a charlas do seu interese. Os temas serán propostos polas familias a través dunhas enquisas nas que aparecerán unha propostas fixas (novas tecnoloxías, violencia de xénero, acoso escolar, drogas e alcohol...) e espazos abertos para posibles suxestións.

1.6.Escola de pais. Unha escola de pais e nais é un mecanismo que os pais teñen para mellorar as súas relacións cos seus fillos/as e coñecer a mellor forma de canalizar os seus esforzos nunha mellora educativa destes. É importante saber que non é unha intromisión no fogar, simplemente se trata de aprender e mellorar os recursos que como pais e nais temos para a mellora educativa e de rendemento dos nosos fillos e fillas.

O método de traballo nunha escola de pais e nais é de carácter grupal, participativo e dinámico. Por iso é importante contar coa participación dun número mínimo de persoas, o que facilitará a aprendizaxe e compartir experiencias e recursos entre persoas que comparten condicións e preocupacións.

Os programas das escolas de pais e nais son moi extensos polo que é imposible abarcar todo nun só programa. Pero a nivel xeral os obxectivos da escola serían:

- Proporcionar aos pais e nais as estratexias e orientacións necesarias para entender, apoiar e dar resposta aos cambios propios do proceso de desenvolvemento integral (social, académico, afectivo) dos seus fillos.
- Fomentar un clima no que se podan compartir experiencias, problemas e solucións baixo a supervisión dun profesional.
- Aumentar as opcións dos pais de dar resposta ás necesidades dos seus fillos.
- Incidir sobre a aprendizaxe do alumnado a través da acción dos seus pais e nais.
- Estimular a participación activa dos pais e nais na vida escolar.
- Contextualizar o traballo e as actividades.
- Ensinar aos pais e nais estratexias de comunicación.
- Estimular a construción positiva das relacións familiares.
- Mellorar as relacións pais-fillos de forma transversal a través da intervención.
- Orientar aos pais na toma de decisións

1.4.ANPAS. A ANPA é unha canle fundamental de participación dos pais e nais na comunidade escolar. A súa función principal é a de colaborar nas actividades educativas dos centros docentes. Son as responsables de:

- A existencia das actividades extraescolares xa que a organización de moitas delas depende das ANPAS.
- Organizar actividades formativas complementarias en beneficio de pais e alumnado.
- Asistir os pais e nais en todo aquilo que concirne á educación dos seus fillos/as.
- Representar os pais e nais no Consello escolar.

- Informar e asesorar os pais e nais das actividades propias da ANPA.
- Potenciar a participación da familia na vida do centro.
- Promover a calidade educativa.
- Colaborar co profesorado e o alumnado para o bo funcionamento do centro.
- Fomentar a convivencia entre a comunidade educativa.
- Promover o principio de igualdade de dereitos de todos/as os alumnos/as, sen discriminación por razóns socioeconómicas, ideolóxicas, confesionais, raza ou sexo.

Estas asociacións poderán:

- Elevar propostas ao Consello Escolar para a elaboración do proxecto educativo e ao equipo directivo para a elaboración da programación xeral anual.
- Informar ao Consello Escolar daqueles aspectos da marcha do instituto que consideren oportuno.
- Recibir información, a través dos seus representantes no Consello Escolar, sobre os temas tratados nel.
- Elaborar informes para o Consello Escolar
- Elaborar propostas de modificación das normas de organización e funcionamento
- Formular propostas para a realización de actividades
- Coñecer os resultados académicos referidos ao centro e a valoración que deles realice o Consello Escolar.
- Recibir un exemplar da programación xeral anual, do proxecto educativo, dos proxectos curriculares de etapa e das súas modificacións.
- Recibir información sobre os libros de texto e os materiais didácticos adoptados polo centro.
- Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.
- Facer uso das instalacións do centro que determine o Consello Escolar.

*4.2.4. Posibilitar e facilitar a participación nas institucións escolares dos diferentes axentes externos e internos da Comunidade Educativa, permitindo unha maior transcendencia do que se realiza no centro cara ao exterior e viceversa.*

Aínda que a escola debe ser o centro neurálxico de onde irradie a aprendizaxe, non poden facelo todo soas. A idea de integrar apoios internos e externos é a mellor para asegurar que o alumnado desenvolva as destrezas necesarias.

Os concellos non teñen funcións educativas, pero sería realmente interesante crear un capital social, no concello de Ponteceso e nos concellos limítrofes que mandan alumnado ao noso centro, no que os gobernos locais cobrarían importancia, pero tamén todo tipo de institucións e asociacións

públicas e privadas, xa que hai iniciativas que van directamente dirixidas á escola, pero hai outras que se dirixen a mellorar educativamente o entorno da escola.

Este tipo de iniciativas se dirixen a aspectos como as relacións dos rapaces cos adultos que os coidan, a seguridade dos sitios aos que van despois da escola e das actividades extraescolares nas que participan, hábitos saudables, destrezas que lles poden facilitar o futuro laboral e as oportunidades de servir aos demais.

Nos creemos que convén centrarse nun obxectivo educativo de primeira necesidade, capaz de mobilizar á meirande parte da cidadanía pola súa clara relación co interese de todos. Ten que ser un obxectivo medible e a non moi longo prazo para que non se desmotive a xente. E acompañalo en cada etapa para que todo o mundo saiba si se están acadando os obxectivos ou non.

Algún destes obxectivos podería ser: o fracaso escolar, a protección da infancia, a educación para a saúde, a violencia e o vandalismo, o consumo de drogas e alcohol, o fomento do emprendemento, o fomento da creatividade, os plans de fomento da lectura, a integración laboral da xente nova.

As veces estes obxectivos desbordan as posibilidades da escola, pero ao mellor poden ser abordados con éxito dende o concello, convertido en xestor das institucións educadoras e en mobilizador das enerxías cidadáns.

A metodoloxía sería mobilizar a toda a cidadanía e sectores sociais.

Neste contexto aparecen os Consellos Escolares Municipais (CEM), regulados pola Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos Consellos Escolares de Galicia que establece no seu artigo 15.2 que: "Os Municipios que dispoñan polo menos dun Colexio …, deberán constituí-lo Consello Escolar Municipal".

Desde as disposicións legais e da propia capacidade municipal procedente da súa autonomía, é posible e conveniente a creación dun órgano municipal de carácter participativo-consultivo, o CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE PONTECESO (CEMP). Este órgano no limiar do seu regulamento expresa que Ponteceso quere ser un referente básico para a formación da conciencia cívica e quere implicar aos colectivos sociais relacionados na elaboración e execución da política educativa municipal. O Consello Escolar Municipal é un importante instrumento de expresión directa da cidadanía, que aumenta o grao de implicación dos cidadáns e das cidadás ao facer posible a súa participación na toma de decisións que neste caso teñen que ver co ensino.

O Consello Escolar Municipal subliña a representatividade dos/as protagonistas directos/as da acción educativa para asegurar a fluidez de comunicación cos consellos escolares de centros e acadar, por outra banda, un alto nivel de interlocución co propio goberno municipal, co obxectivo de continuar entre todos e todas (a institución municipal, profesorado, alumnado, nais, pais...) cun ensino de calidade.

As súas funcións serán asesoramento, consulta, proposta e información nas cuestións seguintes:

a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellaría de Educación ou calquera outra administración pública, que lle afecten ao ensino dentro do ámbito municipal.

b) Actuacións e normas municipais que lles afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación.

c) Actuacións e normas municipais que lle afecten ou que favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo e, no seu caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino.

d)Emprazamento dos centros docentes dentro da demarcación municipal.

e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que lle afecten á conservación, vixilancia e mantemento axeitado dos centros docentes, de acordo coas competencias que a lexislación lle outorgue aos concellos en cada momento, e especial atención á supresión de barreiras arquitectónicas.

f) Fomento de actividades que tendan a mellorar a calidade educativa, á renovación pedagóxica, aos principios da escola activa, á atención a diversidade e á integración escolar, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio, para chegar a unha escola democrática, científica, libre, galega e non discriminatoria.

g) Competencias educativas que lle afecten ao ensino non universitario e que a lexislación lle outorgue aos municipios.

h) Na programación de investimentos en materia educativa.

i) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello, lle sexa consultado.

### 4.2.5. *Fomentar as relacións e o aproveitamento dos recursos do medio para o seu coñecemento, a través das actividades extra escolares (culturais en el centro, saídas, etc.)*

Nun sistema educativo de calidade as actividades lectivas que se imparten nos centros deben complementarse con outras actividades fóra da aula, que empreguen recursos extraordinarios , e actividades non lectivas, que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos.

As actividades extraescolares e complementarias están situadas en estadios diferentes dentro do noso entorno educativo sistémico. Poderíamos considerar que as actividades complementarias estarían situadas dentro do marco do noso Sistema Educativo, mentres que as extraescolares pertencerían ao que se chama a ensinanza non formal e son entendidas como un complemento á educación formal que o alumno recibe no entorno educativo.

As actividades escolares complementarias son as que se realizan para completar o complementar o currículo. Son organizadas durante o horario escolar polos centros, acorde coa súa concreción curricular, e teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas polo momento, espazo ou recursos que utiliza. Son actividades lectivas desenvolvidas polos centros coherentes co seu Proxecto Educativo. Para a súa planificación e aprobación establécese o principio de conexión cos obxectivos propostos para cada etapa, ciclo/curso e nivel, e, ademais, contan coa premisa de inclusión das mesmas dentro das programacións de aula, primando na selección destas actividades o criterio de rendibilidade pedagóxica. Nelas normalmente o docente “traslada a aula a outro lugar” ou “busca un aula alternativa”.

As súas características principais poden considerarse as seguintes:

a) Son obrigatorias para o alumnado e forman parte do currículo, por tanto, son avaliables e están dentro do horario lectivo.
b) Carecen de carácter lucrativo. Moitas veces non son gratuítas e teñen intrínseca unha responsabilidade civil porque se desenvolven fora do recinto escolar; por conseguinte, aínda que

obrigatorias, os pais ou titores legais poden negarse a que as realice o seu fillo/a. Neste caso, o alumno/a deberá ser atendido no centro de xeito que teña as mesmas posibilidades de adquisición do currículo que os seus compañeiros que as están realizando.

c) Son de obrigado cumprimento para o profesorado.
d) Previamente terán que ser aprobadas polo Consello Escolar do centro, reflectidas nas Programacións e na PXA.

As actividades extraescolares son as que se realizan dentro ou fora da escola e non forman parte do currículo pero deben ser coherentes con el Proxecto Educativo do centro. Son as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu entorno e a procurar parte da formación integral do alumnado en aspectos referidos á ampliación do seu horizonte cultural, á preparación para a súa inserción na sociedade ou o uso do tempo libre. Buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa, de feito, especial relevancia ten o papel que desempeñan na súa organización as asociacións de nais e pais.

As súas características poderían resumirse en:

- A maioría teñen un custe económico e están fora do ámbito docente.
- Pódense realizar no intervalo de tempo comprendido entre la última sesión de mañá e a primeira da tarde do horario de permanencia do alumnado, antes ou despois do horario escolar docente. Non poden realizarse durante o horario lectivo.
- Non deben conter ensinanzas incluídas na programación docente de cada curso, nin poderán ser avaliadas a efectos académicos.
- No terán ánimo de lucro.
- No son realizadas polo equipo docente do centro.
- Necesitan da aprobación do Consello Escolar do centro están recollidas na PXA e, aínda que non necesitan da autorización dos Servizos Territoriais correspondentes, si que deben ser comunicadas.
- O seu custe non está determinado.
- Teñen finalidade educativa.
- Son voluntarias.
- Non son de oferta obrigada. Os centros gozan de total autonomía para establecelas.
- No poden supoñer discriminación.

Deberemos intentar que na organización de cada actividade participen o maior número de departamentos posibles, para que cun único gasto e esforzo por parte do alumnado e familias, saquemos o máximo rendemento posible en termos de obxectivos educativos. Este tipo de actividades ofrecen un marco inmellorable para o traballo interdisciplinar.

Os organizadores da actividade intentarán que a actividade, dentro do posible, non supoña ningún tipo de discriminación, e si o custo da actividade é elevado, deberá proporcionar ao alumnado medios para abaratala de forma substancial. Como ensino público debemos facilitar o acceso a todas as actividades propostas dende o centro a totalidade do alumnado que queira participar.

O órgano encargado da coordinación destas actividades é a vicedirección.

### 4.3. AVALIAR O PROCESO DE MELLORA

A administración educativa pensa que unha das formas máis directas de mellorar o sistema educativo son as avaliacións externas de fin de etapa. Estas probas deberían ter un carácter formativo e de diagnóstico. Ademais deben servir para garantir que todo o alumnado acada as aprendizaxes axeitadas para o normal desenvolvemento da vida persoal e profesional, orientalos cara as súas decisións escolares e normalizar os estándares de titulacións no territorio español.

Asemade deberían axudar aos centros a facer posibles modificacións nas medidas de xestión.

Pero nós cremos que os centros deben ter tamén uns indicadores propios que lles permitan ter información relevante a máis curto prazo. Estes indicadores serían:

4.3.1. Criterios de avaliación ben explicitados. O principal referente para poder comparar que as aprendizaxes son adquiridas ou non son as programacións de aula. Nelas deben aparecer desenvolvidos e claramente explicados os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe, os criterios de cualificación e os instrumentos de avaliación. Tanto os criterios de cualificación (ponderación) como os instrumentos de avaliación deberán estar publicados nos taboleiros de cada aula para que o alumnado teña presente en cada momento o que se espera deles, e lles sexa máis doado organizar o seu traballo para chegar no momento axeitado cos obxectivos acadados. Moitas veces non se lembran das unidades didácticas que levan traballadas durante o curso, e o feito de ter o programa na súa aula permitirá que podan seguir e entender mellor a progresión que están a levar durante o curso. Sería conveniente que o profesorado fixera frecuentes alusións aos criterios publicitados para que o alumnado entenda as materias como un todo, non como pequenos bloques de contidos desconexos entre si.

4.3.2. Comparar os resultados entre avaliacións. Despois de terminadas as xuntas de avaliación, os departamentos deberán reunirse para analizar os resultados e comparalos cos obtidos en avaliacións precedentes. Extraídas as conclusións, cada departamento fará suxestións de que medidas tomar para mellorar os aspectos da formación do alumnado que o necesiten. Esas medidas serán levadas á CCP polo xefe de departamento, onde se fará unha posta en común por si algunha delas pode ou debe ser tomada de maneira conxunta por todos ou varios departamentos. Sabemos que as medidas tomadas polo conxunto do equipo docente teñen un maior alcance e percorrido que as tomadas de xeito individual.

Unha vez aprobadas, estas medidas terán que ser aplicadas nas aulas, e si se precisa facer algunha modificación nas programacións, anotalas nas actas de reunión, tanto da CCP como dos departamentos implicados, e posteriormente incluílas nas memorias dos departamentos para que eses cambios aparezan reflectidos nas programacións de cursos posteriores.

4.3.3. Atención permanente a aspectos do clima escolar. A xefatura de estudos levará un rexistro das incidencias acontecidas durante o curso. Os aspectos a rexistrar serán o número de partes de incidencia, alumnado protagonista dos mesmos, data, curso, profesor que rexistra os feitos, gravidade das accións, e tipo de sanción de habelas. Esta información será examinada primeiro polo equipo directivo, que deberá actuar en primeira instancia aplicando as NOFC cando sexa preciso, e despois será levada á comisión de convivencia quen proporá medidas a adoptar para mellorar os aspectos negativos que máis se repitan relacionados coa convivencia.

# 5. PLANS E PROXECTOS QUE APOIEN O TOTAL DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS

**5.- PLANS E PROXECTOS QUE APOIEN O COMPRETO DESENVOLVEMENTO DOS OBXECTIVOS**

## 5.1. Plan de Acción Titorial (PAT)

Compre sinalar que a acción titorial non sería un ámbito en si mesma senón máis ben o nivel de orientación mediante o cal se canalizan a maioría das accións orientadoras no noso centro educativo, aínda cando existan actividades específicas fora da actividade da aula ordinaria.A intervención no ámbito titorial forma parte da función docente e, en certa medida, identifícase con ela. Dende unha perspectiva educativa, a titoría debe incorporar aqueles elementos que van máis alá do puramente académico e que poden axudar ó desenvolvemento de proxectos de vida máis autónomos e responsables. Aínda que todo profesor/a na súa propia tarefa docente implicitamente desenvolve a función titorial, esta queda representada na figura do titor/a, sendo o Departamento de Orientación un medio de asesoramento para apoiar as accións referentes a esta competencia.

O Plan de Acción Titorial (P.A.T.) é fundamental nunha etapa educativa como a ESO, posto que neste período dáse unha maior diversidade do alumnado, o cal plantexa unha problemática de adaptación e de integración persoal e escolar.

No bacharelato a acción titorial non é menos importante pero ten un carácter diferente polas necesidades especiais dos alumnos e polas características da etapa na que se atopan. Se ben abordará os mesmos aspectos que na etapa anterior da E.S.O. aínda que incidindo máis na acción titorial individualizada. As actividades a realizar fundamentaranse na orientación académica profesional e na toma de decisións.

Nos Ciclos de Formación Profesional incidiranse fundamentalmente na orientación académica e laboral, con especial atención ao proceso de transición entre o centro de ensino e o de traballo.

Na Formación Profesional Básica, nos Programas de Mellora do Aprendizaxe e Rendemento e a Educación Secundaria de Adultos, adoptará tamén unhas características diferentes debido ás diferentes necesidades que presentan os alumnos e alumnas destas modalidades de ensino.

Así mesmo dentro acción titorial farase especial fincapé na colaboración e consecución dos obxectivos propostos no Plan Lector polo que nun primeiro momento  o Departamento de Orientación centrarase  este curso na lectura que esperte inquietudes novas no alumnado, así como o autocoñecemento, o respecto polos seus compañeiros/as e por eles/as mesmos/as, así como tamén se traballaran dossieres informativos e recursos web acerca da orientación académico-profesional

procurando que ao mesmo tempo que lles asesoramos nas decisións relativas ao seu futuro académico, desenvolvan estratexias que melloren a súa competencia lingüística.

As accións prioritarias do ámbito da acción titorial explicítanse na programación do departamento de Orientación ao que nos remitimos.

## 5.2. Plan Xeral de Atención á Diversidade

Como a escolaridade obrigatoria é ata os dezaseis anos, isto supón adoptar unha organización que asegure e posibilite unha formación básica que responda ás características de tódolos alumnos/as. O Departamento de Orientación colaborará no axuste da axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado, ben sexa a través da intervención directa ou ben facilitando recursos e estratexias que incidan nos ámbitos que, interrelacionados cos procesos de ensino e aprendizaxe, manifestan a diversidade, tales como son a capacidade para aprender, os estilos de aprendizaxe e os intereses dos/as alumnos/as.

No Bacharelato a orientación académica tratará de incidir na toma de decisións de opcións académicas ao rematar a etapa así como na orientación sobre a organización da proba de acceso á universidade. Así mesmo, teremos en conta que haberá alumnos que desexen incorporarse ao mundo laboral ó rematar esta etapa, polo que tamén terase en conta a necesidade de orientalos cara á consecución de emprego así como dos recursos existentes fóra do centro que se dedican á orientación laboral.

Nos Ciclos Formativos a orientación académica incidirá na información cara estudios posteriores (outros ciclos, formación non regrada, universidade...), así como na aprendizaxe de recursos de autoorientación laboral, complementando os contidos recibidos na área de Formación e Orientación Laboral.

Na Educación Secundaria de Adultos as actividades centraranse nos contidos tamén tratados nas outras etapas educativas, poñendo especial atención as necesidades concretas de cada un dos alumnos/as que a están a cursar.

As accións prioritarias do ámbito da atención á diversidade explicítanse na programación do departamento de Orientación ao que nos remitimos.

## 5.3. Plan de Convivencia (incluíndo o tratamento do acoso escolar)

No plan de convivencia do centro descríbense as funcións dos axentes responsables da convivencia escolar, analízase a situación de convivencia no centro, aparecen os obxectivos a acadar, e establécense actuacións e medidas a desenvolver para favorecer a convivencia. Entre elas atopamos accións preventivas e de sensibilización, actividades de formación na mellora da convivencia escolar e a mediación na resolución de conflitos, medidas de carácter organizativo e actuacións reeducadoras e correctoras, todas elas explicitadas no Plan de convivencia aprobado no centro ao que nos remitimos.

## 5.4. Proxecto Lingüístico

A situación sociolingüística do centro está determinada por un estudo profundo e pormenorizado realizado este ano 2017 que determinou a situación real do uso lingüístico  no centro. O seu obxectivo era definir o IG (indicador global) de uso do galego e os índices parciais (sobre o contexto sociolingüístico, sobre a situación do profesorado, sobre a situación do alumnado e sobre a ambientalidade lingüística do centro) en relación coa lingua galega. Os datos que de dito estudo se extraen conducen ás seguintes conclusións:

- O contorno sociocultural do centro é, maioritariamente, galego falante, polo menos no referido ás relacións familiares e coloquiais, e en parte tamén en relacións máis formais, como se desprende dos distintos contactos establecidos con pais e outros axentes locais.

- Entre o profesorado existe un uso destacable do galego; un 50% afirma empregar só a lingua galega habitualmente e un 76% utilízaa no centro educativo. Ao mesmo tempo considera posúe un dominio bo ou moi bo para empregar o galego na súa actividade docente (un 58% dos enquistados valoran así  a súa capacitación lingüística) e amosa unha boa disposición a facer cursos de reciclaxe sobre a lingua galega (un 83%). É importante destacar a opinión dos nosos docentes en relación coa consideración de que a adquisición de dúas (ou máis linguas) enriquece aos nosos alumnos: a resposta do profesorado é unánime neste senso, o 100% das consultas coinciden en sinalar o enriquecemento desta aprendizaxe.  A conclusión á que podemos chegar despois da análise de todos estes datos é que a actitude do profesorado con respecto á lingua galega é positiva en todos os sentidos.

- O uso do galego entre o alumnado é maioritario, tanto como lingua de comunicación familiar, un 86%, e de relación social, como nas interaccións comunicativas con outros elementos da comunidade educativa (profesores, persoal de administración e servizos, equipo diretivo…), concretamente un 96% indica que é a lingua empregada habitualmente no centro educativo é o galego. É significativo o feito de que o alumnado considere que aprender dúas ou máis linguas é tamén enriquecedor, un 89%. De todas maneiras, detéctase no emprego coloquial da lingua por parte do alumnado unha tendencia ó uso de castelanismos, cuestión en cuxa corrección deberiamos incidir.

Polo tanto, aínda que a situación non parece demasiado pesimista, a actuación do Equipo  de Dinamización Lingüística debe encamiñarse cara una potenciación do galego como lingua de cultura, prestixiando o seu uso en ámbitos que quedan fóra da comunicación puramente coloquial, e dinamizando o seu uso no centro en todas as situación de intercambio comunicativo e cultural que se poidan dar.

No documento que recolle o Proxecto Lingüístico do centro preséntanse as táboas que indican as linguas empregadas en cada unha das materias, módulos ou ámbitos de coñecementos, tanto da ESO como do Bacharelato, como nos Ciclos Formativos, tendo en conta que a lexislación actual indica un uso obrigatorio da lingua galega e da lingua castelán para determinadas materias, no resto

de disciplinas deberase empregar a paridade. Tamén presenta as diferentes medidas que o Equipo de Dinamización, en colaboración co resto da comunidade educativa, levará a cabo para potenciar e reforzar o correcto uso da lingua galega no ámbito escolar e educativo e os obxectivos que se pretenden alcanzar.

## 5.5. Proxecto Lector do Centro

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva esixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluirá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Para o completo desenvolvemento do proxecto lector, a biblioteca pasa a ser un elemento de vital importancia. Para obter información sobre o seu funcionamento, xestión, profesorado encargado, recursos, fondos etc.. haberá que consultar o Proxecto Lector que estará exposto na páxina web do centro. Neste documento explicítanse as diferentes actividades durante o curso ao que nos remitimos.

## 5.6. Proxecto Bilingüe

Este programa supón a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa dun xeito bilingüe nunha lingua cooficial e nunha lingua estranxeira utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo.

Entendemos que na sociedade actual cada vez máis globalizada, o uso correcto e fluído dunha lingua estranxeira permite ter unha ferramenta moi valiosa para completar a visión do mundo e acceder a contidos na rede que amplían a accesibilidade á información e ó espallamento das ideas nos distintos campos do coñecemento.

As docentes encargadas de levar este proxecto na materia de Música de 3º ESO será Carmen Sierra Vales, licenciada en Filoloxía Inglesa e na materia de Educación Dixital en 3º ESO será

Covadonga Gasch Carcedo, licenciada en Ciencias Químicas, asistida pola coordinadora do proxecto, Lucia Cociña Casas profesora do departamento de inglés do centro .

As profesoras da área non lingüística elaborará os materiais curriculares específicos e a programación ó comezo do curso escolar.

Durante os primeiros días do curso utilizaranse para familiarizar ao alumnado cos alicerces instrumentais básicos da lingua inglesa: saúdos, presentacións, expresións comúns, datas, números, ordes e instrucións, etc..

Nunha segunda fase, introducirase ao alumnado as unidades didácticas específicas que desenvolvan os contidos conceptuais da materia. Procurarase adaptar estas unidades ao nivel lingüístico real do alumnado.

O profesorado das seccións bilingües contará co apoio dun/ha auxiliar de conversa. Durante unha sesión semanal, as docentes da materia cederán máis protagonismo ao profesor/a auxiliar de conversa. Este/a poderá centrarse en corrixir erros de pronunciación do alumnado, explicacións sobre vocabulario específico da área, presentacións e interaccións orais co alumnado.

As profesoras das materias brindarán o seu apoio e asesoramento en cuestións de toda índole, facendo de ponte entre o alumnado e o/a profesor/a auxiliar de conversa.

## 5.7. Plan Dixital de Centro (PDC)

O curso pasado elaborouse o plan de mellora dixital do centro dictado polo Ministerio de Educación en referencia ao "Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes"*(DigCompOrg)* e desenvolvido polo "Centro Común de Investigación"*(JRC, Joint Research Centre)* da Comisión Europea. Este plan enténdese como un instrumento a través do cal avaliar os recursos dixitais dispoñibles e aproveitalos ao máximo tanto nos procesos de ensinanza-aprendizaxe como nos procesos de xestión do centro. Así pois, deberá ser un proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa e formará parte do Proxecto Educativo (PE), do Proxecto de Dirección e da Programación Xeral Anual (PXA).

Na elaboración contouse coa colaboración externa (asesores, rede de formación específica e ferramenta SELFIE de autoavaliación) e formouse unha liña de traballo específica integrada por tres docentes (un deles, membro do equipo directivo). Segundo os prazos establecidos, en marzo do 2022 elaborouse o informe DAFO do cal se obtiveron as conclusións sobre fortalezas e debilidades do centro. Por unha banda, en tanto as fortalezas destacan; a asistencia técnica e o equipamento informático do centro (Edixgal, wifi e dúas aulas de informática), a competencia dixital do profesorado (maioritariamente cun nivel B1), o emprego de espazos virtuais como metodoloxía docente e estratexias de comunicación entre os membros da comunidade educativa e a participación no proxecto Maker (actualizado aos "Polos creativos" no curso 2022/23). Por outra banda, en tanto ás debilidades destacan; as insuficientes políticas de protección de datos (especialmente en tanto os dereitos de autor), a avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe, a falta de tempo en investigación dixital e o traballo colaborativo e a falta de competencia dixital das familias. Tras valorar estes resultados, no mes de maio deseñouse o plan de acción para o curso 2022/23 e definíronse os seguintes obxectivos:

- Potenciar unha das nosas fortalezas no uso das aulas vituais (emprego de Edixgal na ESO e "aula virtual" en Bacharelato)

- Mellorar no respeto dos dereitos de autor
- Poñer en práctica os obxectivos dos Polos creativos a través dos recreos inclusivos Maker e o proxecto de radio Ponte na onda
- Establecer boas prácticas de comunicación na rede por parte do alumnado.

Os obxectivos desta liña de traballo foron presentados ao claustro e deberá ser aplicado no presente curso 2022/23.

## 5.8. Plan de Formación do Profesorado (PFPP)

O noso centro solicita cada ano ao CFR a participación nun plan de formación do profesorado adaptado ás nosas necesidades e fortalezas co obxectivo principal de traballar na adquisición de coñecementos, estratexias e habilidades que repercutan na formación da nosa comunidade educativa, para unha educación máis inclusiva, colaborativa e adecuada aos retos dunha sociedade cambiante.

O Plan de Formación Permanente do Profesorado do noso centro para este curso académico 2022/23 abordará oito liñas de traballo e implicará a formación e participación de 42 docentes nos seguintes grupos ou seminarios.

**A)** CLUB DE CIENCIAS.

Obxectivos:

- Acuario mariño de litoral: substituír o acuario de auga doce por un de auga salgada.
- Horta científica: os alumnos deberán deseñar a súa propia horta.
- Reciclaxe: empregar un compostoiro
- Mapa de especies invasoras: seguir recollendo nunha app a distribución na nosa comarca de determinadas especies invasoras.
- Club de lectura científico: deseñar lecturas de ciencias para o alumnado que lle gusta a ciencia.
- Construción de omnipoliedros: estudar os omnipoliedros.
- Xadrez: retomar o campionato de xadrez.
- Caderno de campo. deseñar un caderno de campo.
- Xogando no laboratorio: deseñar pequenos experimentos no laboratorio.
- Planetario portátil.
- Organizar actividades en colaboración con outras asociacións ou departamentos.

**B)** CLUB DE CONVIVENCIA: “ Creando Pontes”

Obxectivos:

- Implicar a alumnado dos distintos niveis da ESO para formarse e aplicar as técnicas de xestión de conflitos e convivencia.
- Continuar coa realización do *Programa Ponte* para favorecer a transición da etapa de primaria a secundaria en colaboración cos centros adscritos.

- Buscar, seleccionar ou deseñar actividades para a convivencia, cohesión grupal, xestión emocional, etc. que se poidan ofrecer ao profesorado para aplicar na aula ou titorías.
- Conseguir un espazo ou aula para o equipo de convivencia onde poder reunirnos nalgúns recreos para formarnos, realizar actividades, acompañamentos e recibir as peticións de axuda ou suxestións.
- Tentar formar un "Comando Igualdade" tomando como inspiración e referente unha experiencia coeducativa desenvolvida co alumnado do IES Alexandre Bóveda.
- Analizar a viabilidade e levar a cabo as posibles xestións do 2ºIntercambio Cruzando Pontes co IES Miguel Catalán de Coslada. Este intercambio ten, entre os principais obxectivos, difundir os proxectos educativos-formativos do noso centro e enriquecernos dos realizados no centro receptor, polo tanto, e nun principio, se trata dunha actividade que pretende integrar os distintos proxectos educativos do centro e que irá dirixida ao alumnado que participe activamente nos mesmos

**C)** RADIO.

Obxectivos:

- Coñecer a radio como un medio de comunicación de masas.
- Poñer en valor a competencia comunicativa, especialmente a expresión oral.
- Buscar información e seleccionar os contidos importantes e relevantes.
- Tomar decisións baseadas no respecto.
- Crear contidos de interese para a comunidade educativa.
- Difundir o produto elaborado: os programas-magazine.
- Visitar un estudio de radio e participar nunha emisión en directo.

**D)** PONTE ACREDITA

Obxectivos:

- Realizar unha formación previa para os e as docentes en torno ás cuestións relativas
- á Acreditación de competencias profesionais (Asesoramento, Avaliación, Acreditación e Rexistro).
- Facer unha sondaxe nas empresas de cada sector e nos centros homologados que imparten as AFD, sobre as persoas traballadoras da contorna susceptibles de participar neste procesos.
- Ofrecer no noso centro un servizo (en forma de charlas, xornadas, etc) que sirva de "ponte" e acompañamento a estas persoas traballadoras, configurándose como un.

**E)** PLAN DIXITAL

Obxectivos:

- Aplicación do Plan dixital para o curso 2022-2023
- Promover a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e na xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

- Mellorar tras a súa avaliación a competencia dixital dos membros da comunidade educativa para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e relación

## 5.9. Contratos Programa

Ponteceso é un concello con gran dispersión poboacional e pequenos núcleos urbanos, e o centro funciona como catalizador formativo da xuventude. Esta formación tropeza, ás veces, coa necesidade permanente e continua de prover ao alumnado de recursos para garantir o seu pleno desenvolvemento persoal, académico e social. Neste sentido, a educación debe fomentar que todo o alumado poida acadar os obxectivos desexados conforme ás distintas posibilidades, circunstancias, capacidades e recursos e, con este fin, o centro participa nos tres tipos de contratos programa que se describen a continuación.

### 5.9. 1. Contratos-programa Recupéra-T

Este contrato programa vai dirixido a conseguir o éxito educativo a través do reforzo, apoio e acompañamento na aprendizaxe daquel alumnado vulnerable que por causa da pandemia non alcanzase os obxectivos e competencias establecidas para o nivel correspondente.

Estas medidas de reforzo docente levaranse a cabo a través dous programas. En primeiro lugar, o programa Arco destinadoa alumnado que curse 1º, 2º, 3º sa ESO e 1º de FPBásica (cofinanciado polo Fondo Social Europeo a través do Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación 2014-2020 do Ministerio de Educación e Formación Profesional). En segundo lugar, o o programa PROA+ destinado a alumnado de 4º sa ESO, 2º de FPBásica e 1º de Bacharelato (Programa para a Orientación, Avance e Enriquecemento Educativo 2021-2023 cofinanciado polo Ministerio de Educación e Formación Profesional e pola Unión Europea no marco do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia).

### 5.9.2. Contratos programa CPInnova:

A iniciativa de Contratos-Programa Innova (CPInnova) trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se permita, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, afondar no logro da excelencia educativa incentivar o talento do seu alumnado, promover hábitos de vida saudables, impulsar unha educación para o desenvolvemento sostible e mellorar a xestión dos centros.

As liñas de acción foron elixidas despois dun diagnóstico de necesidades do centro do que expoñemos na seguinte lista.

Áreas de necesidade:

1.- Mellora das competencias matemática e comunicación lingüística (Mediante a realización de actividades que favorezan estas areas, como obradoiros, xogos...dirixidos especialmente ao alumnado con necesidades educativas nestas áreas)

2.- Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.

Consecuentemente, as modalidades dos contratos programa que escolleu o centro son:

a) **01-EDUinnova. O centro docente como entorno innovador de aprendizaxe a través da mellora permanente.**

Concretarase no desenvolvemento específico das seguintes tres competencias clave:

1. *MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA MATEMÁTICA*

Razóns que xustifican a necesidade desta actuación:

O obxectivo xeral é mellorar o nivel de adquisición da competencia matemática e todo o alumnado así como elevar o nivel de éxito escolar.

O desenvolvemento das competencias básicas debe ser convenientemente atendido dende o traballo das materias e a acción titorial e debe reunir os esforzos de toda a comunidade educativa, en permanente articulación cos departamentos didácticos, a orientación e as direccións dos centros educativos.

2. *MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA LINGÜÍSTICA*

Razóns que xustifican a necesidade desta actuación:

O obxectivo xeral é mellorar o nivel de adquisición da competencia lingüística así como elevar o nivel de éxito escolar.

O desenvolvemento das competencias básicas debe de ser convenientemente atendido dende o traballo das materias e a acción titorial e debe de reunir os esforzos de toda a comunidade educativa, en permanente articulación cos departamentos didácticos, a orientación e as direccións dos centros educativos.

Os obxectivos específicos que se perseguen con esta actuación son:

- Fomentar a lectura entre os participantes e contribuír á creación dun ambiente lector no centro.
- Favorecer a comprensión lectora e escrita mediante técnicas de traballo persoal.
- Valorar a lectura como unha opción atractiva no tempo de lecer, enriquecedora do desenvolvemento persoal.

3. *MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA DIXITAL*

Creemos necesario incentivar el uso de las nuevas tecnoloxias para fortalecer o autoaprendizaxe a través dos entornos de aprendizaxe virtual. O alumnado ten falta de coñecementos prácticos no uso das Tics

b) **02. EDUexcelencia: O centro docente como promotor da excelencia a través do afondamento nun ámbito de coñecemento.**

Desenvolverase a través dos seguintes obradoiros:

1. *O OBRADOIRO DE CREACIÓN LITERARIA*

Por unha banda, organizanse dous obradoiros de creación literaria sobre diferentes xéneros (narrativa e lírica), animando ao alumnado a participar nos diferentes concursos de creación literaria que se convocan na contorna. Por outra banda, realizaranse toreitos literarios e

intentaranse satisfacer as inquietudes creativas daquel alumnado con especial sensibilidade cara á creación literaria.

2. *O OBRADOIRO DE MATEMÁTICAS.*

No contexto dos Contratos-Programa, propoñemos como obxectivo implementar as sesións de clase ordinarias, da asignatura de Matemáticas Aplicadas de 2º de Bacharelato de Humanidades e Ciencias. Pretendemos así contribuír a que o alumnado conquira unhas maiores capacidades e destrezas que lle permitan obter a excelencia e ver a parte lúdica dos coñecementos que adquiren en horario escolar. Deixaremos que o alumnado busque en internet aplicacións para resolver actividades propostas na clase. O manexo destas aplicación servirán para que o alumnado conquira habilidades dixitais e que collan confianza en si mesmos. Pretendemos así contribuír a que o alumnado adquira unhas maiores capacidades e destrezas que lle permitan obter a excelencia.

3. *OBRADOIRO DE ARTE*

Neste obradoiro propoñen o:

-Deseño de intervencións artísticas no espazo público da contorna.

-Deseño de obxectos con arxila polimérica.

-Deseño de obxectos xeométricos e orgánicos con ferramentas de modelado 3D de software libre..

4. *OBRADOIRO DE CLÁSICOS E MODERNOS***.**

Neste curso académico 2021-2022, matriculáronse en Latín de 4º ESO oito alumnos e tres alumnos en Latín I e Grego I de 1º Bacharelato. O feito de seren asignaturas que abranguen campos moi diversos (xeografía, historia, arqueoloxía, relixión e mitoloxía, lingua e literatura) fíxonos pensar que sería interesante, pola súa riqueza temática, abordala ás veces de maneira diferente á habitual. Neste proxecto incluímos tamén aos once alumnos de Latín II de 2º de Bacharelato, nove dos cales cursan tamén Grego II, e que deben abordar algúns contidos curriculares similares aos de 1º de Bacharelato, como os de literatura, mitoloxía e toponimia.

5. *OBRADOIRO DE RADIO.*

Realización de reunións de traballo, toma de decisións e edición de podcast a través dunha sesión semanal dunha hora para expoñer e organizar as tarefas. Entre as actividades propostas destaca a visita a un estudo de gravación de radio e sesións de formación a cargo de profesionais do xornalismo, tanto de prensa dixital como radiofónica.

### 5.9.3. Contratos-Programa Inclúe (CPInclúe)

A través do proxecto do Club de Letras, promovido pola Asesoría de Igualdade da Consellería, que iniciamos no curso 2020/21, creouse un marco de traballo interdepartamental co alumnado moi frutífero e que se consolidou como referente entre eles para abordar cuestións que non estaban a ser atendidas suficientemente e que conforman os obxectivos do presente plan de

mellora CP-Inclúe. A inesperada falta de continuidade da convocatoria do Club de Letras no novo curso levou a buscar unha forma de responder aos compromisos adquiridos e ás expectativas creadas no alumnado de que o traballo feito ía seguir desenvolvéndose, así como a atender á urxencia das carencias e necesidades detectadas polo traballo desenvolvido e pola colaboración co departamento de orientación. Xa que a temática que guiou o Club de Letras foi a dos coidados o traballo tiña continuidade si encaixado coas liñas Iguála-T, en tanto que os coidados se volven centrais na problemática da igualdade de xénero, e, especificamente en Emocióna-T, porque todas as actividades estiveron atravesadas pola necesidade de pensarnos interdependentes e vulnerables, sendo a aprendizaxe emocional a ferramenta imprescindíbel para afrontar axeitadamente dita condición humana. Pero ademais, diagnosticamos que era preciso abordar a cuestión da diversidade afectivo-sexual e a LGTBIfobia, tanto pola falta de visibilidade deste colectivo no centro e certo descoñecemento entre o propio profesorado, ademais dos acontecementos que están a pór de manifesto que é precisa unha atención explícita á cuestión: as polémicas coa Lei Trans, os discursos de odio que proliferan nos medios, as agresións das que se fixo eco a prensa a principios de verán etc. Así mesmo, desde Orientación sinalan a incorporación de alumnado vulnerable no centro.

As liñas de acción foron elixidas despois dun diagnóstico de necesidades do centro do que expoñemos na seguinte lista.

2. IGUÁLA-T.:

Esta primeira liña de traballo enfócaseno desenvolvemento da coeducación de cara á construcción dunha sociedade máis xusta e igualitaria. Así pois, as actividades teñen como obxectivo romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar as desigualdades entre homes e mulleres, previr a violencia de xénero e pór en valor a diversidade afectivo-sexual e respeto interpersoal.

### 5.10. Proxecto E-Dixgal

O proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) naceu como proxecto experimental no curso 2014/15 coa intención de proporcionar aos centros educativos dentro do Proxecto Abalar unha proposta integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital, mediante a incorporación de materiais dixitais.

O centro IES Eduardo Pondal entrou no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal), enmarcado na Estratexia Galega para a Educación Dixital e no Proxecto Abalar, no curso 2020-2021. Previamente elaborouse un informe no que se reflectía que o centro cumpría cos requisitos necesarios para presentarse ao proxecto e despois de ser aprobado en claustro. Nese curso o nivel involucrado no proxecto foi 1º ESO e as materias dixitais foron: Lingua Castelá, Bioloxía, Plástica, Matemáticas, Xeografía e Historia, Programación, Francés e Relixión. No curso 2021-2022 todos os niveis da ESO (1º, 2º, 3º e 4º) formaron parte do proxecto E-Dixgal despois de que fora aprobado en claustro e presentado ante as autoridades educativas pertinentes. As materias dixitais deste proxecto son: Lingua Castelá, Bioloxía, Plástica, Matemáticas, Programación, Introdución á Robótica, Tecnoloxía, Xeografía e Historia, Física e Química, Francés e Relixión.

No centro está designado unha docente con destino definitivo que se encarga da coordinación do proxecto E-Dixgal e que ten asignado horas para tal fin dentro do seu horario lectivo, en número

suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Esta coordinadora conta co asesoramento e asistencia técnica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) así como co asesoramento e apoio da Rede de Formación do Profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

O centro está comprometido, por formar parte deste proxecto, a:

- Desenvolver o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado, que se incorporará ao proxecto educativo do centro, e impulsar a súa continuidade cando menos durante catro cursos escolares e en función da súa avaliación.
- En colaboración coa Administración educativa, realizar unha adecuada divulgación da iniciativa entre toda a comunidade educativa, con especial incidencia no alumnado e nas familias, de xeito que se achegue a información necesaria e se realice a adecuada sensibilización en relación con este programa.
- Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no programa.
- No caso do profesorado implicado, do coordinador E-Dixgal e do equipo directivo, segundo corresponda, deberá participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Para tal fin, dentro do plan de Formación Permanente de Centro hai unha liña de formación de E-Dixgal.

### 5.11. A semana cultural

A rixidez dos programas académicos, a presión por acadar as cualificacións máis altas, as probas externas como selectividade e as novas reválidas, limitan as posibilidades creativas tanto do alumnado como do profesorado.

A semana cultural do IES Eduardo Pondalxurde, fai uns anos, como unha oportunidade única para rachar con esa rixidez e permitir, nun clima distendido, que o alumnado desenvolva esa creatividade. Celebramos unha semana para ofrecer ao noso alumnado outras actividades educativas e traer ao noso centro a realidade da sociedade actual nas vertentes cultural, laboral, académica e social. Ademais de dar a coñecer, na xornada de portas abertas, o noso instituto ao alumnado dos centros de ensino da zona.

A través de obradoiros, charlas, concertos, obras de teatro, intentamos que a información chegue ao alumnado sen a presión das cualificacións, simplemente se require a súa participación.

O peso da organización recae na vicedirección, que dun xeito equitativo, organiza actividades para todos os niveis educativos do centro durante catro días. Esta celebración normalmente tiña lugar a primeira semana despois da semana santa pero o pasado curso trasladouse aos días 7, 8, 9 e 10 de xuño. Para o presente curso valorase no claustro a posibilidade de levar a cabo dita celebración e as datas máis oportunas.